

OS ESPAZOS EN BRANCO

Bruno Arias, 2023

1402

ESTREA EN NUMAX: 06.11.2024 | V.O. | 77 min

Bruno non lembra case nada da súa tía, a poeta Xela Arias, que morreu cando el tiña só 5 anos. Case vinte anos despois, decide facer un filme sobre o seu proceso de coñecemento e conexión coa súa memoria.



Entrevista con Bruno Arias:

«A miña memoria non me dá para moito, pero o que me conta a xente sérveme. Sinto que, á miña maneira, eu tamén a coñecín»

Por Uxía Miranda

Esta obra é o cume de máis de dous anos de traballo, incluso houbo cambios de nome de por medio (nun primeiro momento anunciouse como A unidade componse da desorde, un verso de Xela Arias). Pero cal é o xerme da idea d'Os espazos en branco? Facer algo sobre a miña tía era algo que tiña na cabeza desde había moito tempo, era a típica persoa que inflúe moito na túa vida e que ademais sentes que hai unha historia que contar xa só sobre ela, sen terme en conta a min. En cuarto de carreira tiven a idea de facer unha curta e cando en decembro de 2020 se anunciou que sería a homenaxeada no próximo Día das Letras Galegas pensei que sería un bo momento, porque custa moito financiar calquera proxecto audiovisual e nesta caso había certos valores de produción que me poderían permitir unha axuda. Cun equipo pequeno formado por Lucía Ramiro, Bea Villar, Miguel Gomar mais eu empezamos a facer o dossier, vimos que máis que unha curta había unha longa e dixemos “adiante con todo”.

Moita xente díxome “que valente por facer un filme tan persoal, tan familiar”, pero sempre respondo que non hai valentía, senón inconsciencia absoluta. Estabamos a tope, ían pasando fases e fases do proxecto e cando xa te ves co guiión feito e a rodaxe planificada non queda outra opción que facelo.

Entendo que che xurdía o temor de se eras quen tiña a potestade de contar esta historia. Tiven moitos altibaixos, preguntábame quen era eu para facer ese filme, se non sería mellor que contase a historia de Xela o seu fillo, o meu primo Darío. A historia foi evolucionando a ser cada vez máis a miña propia historia descubríndoa. E vaia, Darío estudou economía (risas).

Con todo, chama a atención o feito de que cando Xela Arias faleceu ti tiñas só cinco anos. Gardas algunha lembranza dela? Só gardo un recordo nítido dela que cada vez que conto a xente pensa que é inventado. Lembro a noite antes de que morrera. O meu pai é médico, así que ela veu á nosa casa porque se atopaba mal e durmíu alí. Eu durmía coa porta aberta, estaba medio durmido e lembro ver a súa silueta pasarse polo corredor e asomarse cara dentro. Teño moitas imaxes dela na cabeza pero son en base á súa figura pública que ves en fotos e vídeos, pero confeccionadas en base á miña propia memoria esa é a máis nítida.

Unha vez feito todo o proceso de investigación para o filme, de adentrarte na identidade de Xela, cal era a imaxe que tiñas dela ao principio e como é agora? Cambiou a forma na que a vías? No sentido referente artístico, intelectual, cultural, cero, eu xa lera a súa poesía e coñecía toda esa faceta. A parte máis persoal antes simplemente non a tiña. Dá pau preguntar na casa, non queres remexer nada, pero coa escusa do filme preguntei tanto á familia como á xente de fóra. Contáronme que lle gustaba coidar da xente, que era moi atenta, moi autónoma; ese tipo de cousas axúdanche a coñecer a alguén máis alá do que escribiu ou fixo na súa vida. Pero sobre todo, creo que co filme gañei o estar en paz con esa contradición arredor desa persoa que para min era tan importante pero que non cheguei a coñecer. Isto é unha forma máis de coñecer a alguén; a miña memoria non me dá para moito, pero o que me conta a xente sérveme. Sinto que, á miña maneira, eu tamén a coñecín.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Poesía reunida
(1982-2004),
Xela Arias.
Xerais, 2018

Darío a diario,
Xela Arias.
Xerais, 2021

Cancións,
Xela Arias e Desertores.
Xerais, 2021